

Anuncio de declaración de zonas saturadas

ANUNCIO

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Santiago de Compostela, coa data 14 de marzo de 2011 ditou Decreto no que se resolve:

PRIMEIRO.- En base ó disposto no artigo 105 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, subsanar os erros materias padecidos no documento de medicións acústicas presentado pola Empresa Proyma, segundo se indica de seguido:

Documento principal:

- Na páxina 49, fila 5, col. 2 (denominada p-4) da táboa 7.1.1–Lexislación autonómica e Municipal onde di Rúa Alfredo Brañas nº1 debe dicir Rúa Alfredo Brañas nº7.
- Na Páxina 50, fila 5, col. 2 (denominada p-4) da táboa 7.1.2 – Lexislación Estatal onde di Rúa Alfredo Brañas nº 1 debe dicir Rúa Alfredo Brañas nº 7.
- Na páxina 79, no encabezamento onde di Rúa Alfredo Brañas nº 1 debe dicir Rúa Alfredo Brañas nº 7.
- Na páxina 80, no encabezamento onde di Rúa Alfredo Brañas nº 1 debe dicir Rúa Alfredo Brañas nº 7.
- Na páxina 115, onde di Equipo: Observer 2260 debe dicir Equipo: Investigator 2260.
- Na páxina 19, no paragrafo correspondente a Rúa Bispo Xelmirez, onde di punto 14 debe dicir 15.
- Na páxina 19, no paragrafo correspondente a Rúa da Conga, onde di punto 15 debe dicir punto 14.

Anexo rexistro de medicións:

- Na páxina 73, onde di Rúa Alfredo Brañas nº 1 – piso 1º A debe dicir Rúa Alfredo Brañas nº 7 – piso 1º A.
- Na páxina 75, no encabezamento da páxina, onde di Rúa Alfredo Brañas nº 1 debe dicir Rúa Alfredo Brañas nº 7.
- Na páxina 76, no encabezamento da páxina, onde di Rúa Alfredo Brañas nº 1 debe dicir Rúa Alfredo Brañas nº 7.

- Na páxina 338, onde di Equipo: Observer 2260 debe dicir Equipo: Investigator 2260.

SEGUNDO.- Resolver as alegacións formuladas no prazo de exposición ó público, en base ás consideracións expostas no informe-proposta da Directora de Area e da Xefatura de Servizo de Licenzas e Disciplina Urbanística de data 11 de marzo de 2011, obrante no expediente, do seguinte xeito:

ESTIMAR EN PARTE as alegacións presentadas polos veciños da Rúa Concepción Arenal, por Dna Julia C. Paradela Outes e Dna María José Díaz Lorenzana no senso de que se proceda á contratación dun estudio sonométrico para determinar a posible existencia de contaminación acústica na Rúa Concepción Arenal, na Praza de Feixó e na Praza de San Martiño Pinario e iniciar, no seu caso, o procedemento de declaración das mesmas como zona saturada de ruído.

ESTIMAR EN PARTE, as alegacións relativas á non exclusión dos restaurantes dos efectos da declaración, procedéndose a súa inclusión.

REXEITAR o resto das alegacións presentadas.

TERCEIRO.- DECLARAR ZONAS SATURADAS os sectores da cidade comprendidos polas seguintes rúas: Rúa da Raíña, Rúa da Conga, Rúa do Bispo Xelmirez, Rúa de San Paio de Antealtares, Rúa de San Bieito, Vía Sacra, Rúa da Algalia de Abaixo, Rúa de Entremuros, Rúa da Troia, Rúa Travesa, Rúa Nova de Abaixo, Rúa de Santiago de Estero, Rúa de Alfredo Brañas, Rúa de Ramón Cabanillas, Rúa de Santiago de Chile e Rúa da República Arxentina.

A delimitación física da zona obxecto da declaración de zonas saturadas será a que figura no plano adxunto ó expediente.

CUARTO.- A declaración afectará ás seguintes actividades:

Tódalas definidas no artigo 42 da Ordenanza Municipal Xeral reguladora da emisión de ruídos, vibracións e condicións dos locais, segundo a súa modificación aprobada polo Pleno da Corporación de 1 de outubro de 2010, e publicada no Boletín Oficial da Provincia do 23 de novembro de 2010.

As chamadas “tendas de conveniencia” ou “tendas vintecatros horas”.

QUINTO.- A declaración de zonas saturadas terá os seguintes efectos:

- Quedará suspendido o outorgamento de novas licenzas de apertura ou ampliación das actividades incluídas no apartado anterior, con efectos dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia do Decreto que resolva a declaración de zonas saturadas.

Non se concederán cambios de titularidade das licenzas existentes cando o outorgamento supoña a execución de obras que incrementen o aforo do local.

Quedarán prohibidas a permanenza das terrazas autorizadas no espazo público e situadas nos espazos suxeitos á declaración de zona saturada, por riba das 01:30 horas en horario de verán e das 00:00 horas no resto do ano.

SEXTO.- Comunicarase á policía local que nas rúas e prazas obxecto desta declaración de zonas saturadas deberá intensificarse a presenza e vixilancia dos axentes, ós efectos de evitar situacións que supoñan unha contaminación acústica superior ós límites tolerables, de conformidade coas Ordenanzas Municipais e os usos dos locais.

SÉPTIMO.- A declaración revisarase cada catro anos.

En base o procedemento de tramitación establecido no artigo 13 da Ordenanza Municipal Reguladora da Emisión de Ruídos, Vibracións e Condicións dos Locais, procederase a publicar a presente declaración no Boletín Oficial da Provincia.

Anuncio de modificación de decreto de zonas saturadas

A concelleira delegada de desenvolvemento urbano e sostible coa data 4 de outubro de 2013 ditou o seguinte Decreto:

Primeiro.—O director da Área Urbanismo e Infraestruturas, coa data 27/09/2013 emite o seguinte informe: “ANTECEDENTES.—Con data de 18/06/2013 aprobouse por Decreto da concelleira delegada de desenvolvemento urbano e sostible a modificación do Decreto de zonas saturadas que se publicou no BOP da Coruña de 27/06/2013.

Durante o período de información pública D.^a Julia Paradela Outes, con data de 12/07/2013 formula as seguintes alegacións á actual modificación do Decreto de Zonas Saturadas:

1. Eliminar as autorizacións de concertos a locais hostaleiros situados nas zonas declaradas saturadas (en adiante ZAS).
2. Acurtar os horarios de funcionamento de terrazas nas ZAS respecto das outras rúas.
3. Obrigar á colocación das placas identificativos, tal como obriga a ordenanza de ruídos.
4. Que se mencione no Decreto que se instruirá á Policía Local para levar un adecuado control e vixilancia nestas zonas.
5. Que se marque unha distancia mínima entre locais e se engada un punto na modificación para reducir de 55 a 45 db o límite máximo de ruídos nestas rúas.
6. Non se permitan que equipos musicais que non son propios dos locais funcionen nestes negocios hostaleiros para realizar concertos en directo ou calquera actividade dentro.

FUNDAMENTOS

A modificación da declaración de zonas saturadas ten un contido específico exposto na aprobación inicial da modificación e as alegacións presentadas salvo a segunda respecto dos horarios non van dirixidas ao contido propio da modificación senón aproveitar o período de alegacións para formular unha serie de peticións e realizar unha modificación de máis alcance na ordenanza.

Considerando que o punto 3 (obriga de colocación de placas) e 4 (mención da instrución da Policía) non se refire ao contido propio do Decreto de declaración de zonas saturadas posto que se refire ao exercicio da potestade disciplinaria; os outros puntos non se refiren a criterios de legalidade que poden ser interpretados xuridicamente senón a principios de oportunidade que deben ser analizadas e poder no seu caso modificar o Decreto do xeito suxerido.

Polo exposto, propónse desestimar as alegacións á modificación do Decreto de zonas saturadas e proceder á súa aprobación definitiva, previos os trámites legalmente previstos.”

Segundo.—Ó abeiro do disposto no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/85 de RBRL na redacción dada pola Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local e a Lei 4/2004, do 28 de xuño, do Parlamento de Galicia, que establece no seu artigo 1 a aplicación ó Concello de Santiago do disposto na lexislación estatal, anteriormente sinalada, o alcalde é competente para ditar a resolución que se interesa. Asemade, de conformidade co disposto no artigo 124.5 da Lei 7/85 na redacción dada pola Lei 57/03, por decreto de data 26 de febreiro de 2013 o alcalde delega no concelleiro/a que asina a competencia que se interesa.

Terceiro.—Visto o exposto nos parágrafos anteriores, o informe do director da Área de Urbanismo e Infraestruturas, e en virtude das facultades que me confire a Lei 7/1985 de 2 de abril e na redacción dada pola Lei 11/99 e a Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Polo exposto RESOLVO:

1.—Rexeitar ás alegacións presentadas contra o Decreto polo que se acordaba iniciar un expediente de modificación do decreto de 14 de marzo de 2011 polo que se declaran varias rúas da cidade como zonas saturadas.

2.—Proceder á aprobación definitiva da modificación do Decreto de zonas saturadas aos efectos de:

1.º) Incluír entre as zonas obxecto de declaración de zonas saturadas aquelas rúas que figuran no plano adxunto e que ata o de agora non figuraban no texto do decreto, de acordo con disposto no artigo 105 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que permite subsanar os erros materiais. Trátase das rúas:

Praza da Algalia de Abaixo, Cantón de San Bieito, Travesa de San Paio de Antealtares, Rúa de Fonte Sequelo, Praza de Feixoo e Rúa de Abril Ares.

2.º) Establecer que o horario das terrazas situadas nas zonas saturadas será o mesmo que figura no artigo 6º da ordenanza reguladora de terrazas e quioscos de hostalería, que se poderá modificar en rúas concretas, e mesmo para locais determinados, por decreto da alcaldía no caso de que existan molestias por rúidos.

A actividade de terraza na vía pública non se considera como unha nova actividade ou unha ampliación de local a efectos deste decreto dado que trátase dunha actividade que se desenrola en precario sobre a vía pública.

3.º) Elimínase a rúa da Raíña das rúas obxecto de declaración de zonas saturadas polos motivos expostos neste decreto.

4.º) A declaración afectará ás seguintes actividades:

– Tódalas definidas no artigo 41 da Ordenanza municipal xeral reguladora da emisión de rúidos, vibracións e condicións do locais, segundo a súa modificación aprobada polo Pleno da Corporación de 1 de outubro de 2010, e publicada no Boletín Oficial da Provincial do 23 de novembro de 2010.

– As chamadas “tendas de conveniencia” ou “tendas vinte e catro horas”.

5.º) O art. 5.º da Ordenanza quedará redactado do seguinte xeito:

A declaración de zonas saturadas terá os seguintes efectos:

– Quedará suspendido o outorgamento de novas licenzas de apertura ou ampliación das actividades incluídas no apartado anterior, con efectos dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia do Decreto que resolve a declaración de zonas saturadas.

A suspensión non abrangue a modificación de licenzas existentes que non impliquen aumento de aforo do local.

Non se concederán cambios de titularidade das licenzas existentes cando o outorgamento supoña a execución de obras que incrementen o aforo do local.